

NORMATIVA CAMPIONATO GALEGO CROS XOGADE

POIO, 11 DE XANEIRO DE 2025

O Servizo de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e o Concello de Poio, organiza o Campionato Galego de Cros dentro do programa XOGADE.

Art. 1.- Data e lugar. Esta competición levarase a cabo o sábado 11 de xaneiro de 2025 no parque da Seca de Poio. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/fKPujR4sCtBPb9Uo9>

Art. 2.- Categorías. A proba está destinada ás seguintes categorías: **alevín (2015-2014)**, **infantil (2013-2012)** e **cadete (2011-2010)** nenos e nenas. As carreiras organizáranse por categorías e por xénero.

Art. 3.- Participación. Poderán intervir os/as membros (ata un máximo de 6) dos dous primeiros equipos clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais das categorías indicadas no artigo 2. Así coma os/as dez deportistas individuais que obtivesen clasificación entre os/as quince primeiros/as.

Art. 4.- Inscripcións. A inscrición dos/as participantes rematará **o martes 7 de xaneiro ás 20:00 h.**, e farase utilizando a folla de inscrición ao enderezo electrónico eventos@atletismo.gal. En calquera caso, **non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial ou de participantes non clasificados.**

- Os campos "Nome", "Apelidos", "Xénero" (Feminino ou Masculino) e "Data de Nacemento" (con formato DD/MM/AAAA) deberá ir cuberto cos datos correspondentes a cada participante.
- No campo "Entidade" indicarse o nome da entidade rexistrada en XOGADE coa que participa.
- No campo "Ind./Equipo" indicarse "Individual" se o inscrito participa coma individual ou "Equipo" se forma parte dun equipo.

Art. 5.- Cambios nos equipos. O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo, poderán realizar un máximo de DOUS cambios por categoría sobre a inscrición. Estes cambios formalizáranse na Secretaría da Competición, até 30

minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizadas ás persoas participantes.

Art. 6.- Horario e distancias

Hora	Categoría	Distancia	Percorrido
11:00	Cadete Fem	3000 m.	3 V. Rosa
11:20	Cadete Mas	3000 m.	3 V. Rosa
11:40	Infantil Fem	2500 m.	1 V. Azul + 2 V. Rosa
12:00	Infantil Mas	2500 m.	1 V. Azul + 2 V. Rosa
12:20	Alevín Fem	2000 m.	2 V. Rosa
12:35	Alevín Mas	2000 m.	2 V. Rosa

Art. 7.- Cámara de chamadas. Os/as participantes deberán identificarse en cámara de chamadas 15 minutos antes da hora de inicio prevista, co carné XOGADE ou DNI. O límite de presentación na mesma será 5 minutos antes da hora programada.

Art. 8.- Dorsais. Entregaranse o día da proba na secretaría da competición ata 30 minutos antes do comezo de cada proba. As persoas participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. En caso contrario serán descualificados.

Art. 9.- Resultados. Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos de entrada na meta destes tres/catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Art. 10.- Premios. Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría. Os tres primeiros equipos de cada categoría recibirán un

trofeo e medallas para o máximo dos 6 integrantes de cada equipo. A entrega realizarase ao rematar todas as probas.

Art. 11.- Desprazamentos. No caso de precisar autobús, cada entidade enviará a súa solicitude ao Servizo Provincial de Deportes de cada provincia (no formato habitual establecido):

- A Coruña: sdbus.coruna@xunta.gal
- Lugo: deporte.escolar.lugo@gmail.com
- Ourense: deportes.ourense@xunta.gal
- Pontevedra: transporte-xogade.pontevedra@xunta.gal

A solicitude de transporte deberá realizarse antes do luns 6 de xaneiro ás 23:59h.

Art. 12.- Picnis. Cada entidade deberá realizar a solicitude dos picnis cubrindo o seguinte formulario: <https://forms.gle/214TEQJsETycFHgH6>. O prazo para solicitalo rematará o luns 6 de xaneiro de 2025 ás 23:59h. O día da proba entregaranse a un responsable de cada entidade dende as 11:00 h. ata as 12:30 h.

Art. 13.- Outros. Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE ou, de ser o caso segundo o regulamento WA.

Art. 14.- Plano da actividade. (azul v. pequena e rosa v. Grande)

